

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE MAIO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00026668L.**

#### **Aprobación de acta de sesión anterior.**

Apróbase a acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente de data 16 de maio de 2022.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1316/2019.**

#### **Licenza para a conservación e mantemento da vivenda na Rúa Sar, 86.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto de Conservación e Mantemento de vivenda con selo de entrada no servizo de Urbanismo de data 19/08/2019 e Documentación complementaria con selo de entrada no servizo de Urbanismo de data 07/08/2020 e 22/10/2021; a conservación e mantemento de vivenda situada na Rúa de Sar, 86 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 43.102,84 €.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032699M.**

#### **Licenza para reparación de elementos en mal estado na fachada do inmovible sito en R.Nova, 29-31.**

Acórdase conceder ao Arcebispado de Santiago de Compostela licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 15.525,24 euros e conforme o Proxecto Técnico de Substitución de Vigas de Fachada na Rúa Nova 29-31 de data de visado do 05/01/2022, a reparación dos elementos en mal estado da fachada dos inmovibles situados en Rúa Nova 29-31 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000648Y.**

#### **Licenza para a construción de vivenda unifamiliar en LG Barral, 6B.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 82.500,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 28/10/2020 e a documentación técnica presentada o 22/02/2022, a construción de vivenda unifamiliar no Lugar Barral 6B Santiago de Compostela (A Coruña).

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008235Q.**

#### **Licenza para a demolición de edificio existente en Rúa Concheiros, 54.**

Acórdase conceder a HAUSSER 360 SL licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 18.751,00 euros e de data de visado do 27/01/2021, a demolición de edificio existente situado na Rúa Concheiros 54, Santiago de Compostela ( A Coruña).

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032493Y.**

**Rehabilitación da cuberta do edificio en Rúa Arzúa, 9.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 9.031,32 euros e conforme o proxecto data de visado do 23/02/2022 e a documentación presentada o 11/05/2022, a rehabilitación de cuberta do edificio existente situado na Rúa Arzúa, 9 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00006544E.**

**Obras ampliación do laboratorio de Radiofísica da USC na Rúa San Lourenzo, 1A.**

Acórdase conceder a USC licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 234.755,79 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data 29/01/2022; as obras de ampliación do Laboratorio de Radiofísica da Universidade de Santiago de Compostela, situado na Rúa de San Lourenzo nº 1A de Santiago de Compostela ( A Coruña).

**8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012098N.**

**Legalización construción auxiliar destinada a garaxe no LG Vilamaior, 23A.**

Acórdase conceder ez licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 15.835,50 euros e conforme o proxecto técnico presentado o 12/03/2022, a legalización de construción auxiliar destinada a garaxe situada no lugar de Vilamaior 23A San Paio de Sabugueira, Santiago de Compostela (A Coruña).

**9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00023168L.**

**Licenza para a reconstrución muro peche parcela na Avda. Mestra Victoria Míguez, 45-47.**

Acórdase conceder á Distribuidora Internacional de Alimentación SA licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 102.869,69 euros e conforme o proxecto técnico de data de visado do 29/03/2022, a restauración e consolidación de muro de cierre na parcela situada na Avda Mestra Victoria Míguez 45 Santiago de Compostela (A Coruña)

**10. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00024175X.**

**Rexeitamento de axudas públicas correspondentes á convocatoria por parte do concello de Santiago de Compostela de subvencións á rehabilitación de vivendas de data 5 de agosto de 2019 en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral de seguimento do Plan de Vivenda 2018 – 2021, en materia de actuacións na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do barrio de Vista Alegre FASE 9.**

Acórdase denegar a axuda pública solicitada ás interesadas peor situadas na orde establecida por insuficiencia de actuacións dispoñibles (un total de dúas solicitudes).

**11. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00005978P.**

**Aprobación proxecto construtivo “Senda peonil en Silvouta” revisado segundo informes de supervisión da Deputación da Coruña.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 23/05/2022 da obra “Senda peonil en Silvouta”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio José Durán Maciñeira, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 99.069,82 euros + 20.804,66 euros de IVE = **119.874,48 euros.**

- Prazo de execución: 3 meses.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00041598A.**

**Aprobar o inicio de procedemento de licitación e autorizar o gasto do expediente de modificación do centro de transformación do SUNP - 20 da Amanecida – Vidán CON/60/2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente que ten por obxecto a “Modificación do Centro de Transformación do SUNP 20 da Amanecida – Vidán (CON/60/2021), e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de 48.348,05 euros, IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 10.153,09 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto de **58.501,14 euros** correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 93300 6230000 (Código de Proxecto: 2021 2 INSTA 22 1 CENTRO DE TRANSFORMACION EN AMANECIDA S).

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00037369Y.**

**Adxudicar o contrato que ten por obxecto o “Curso de formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento” á empresa SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA (SEGANOSA).**

Acórdase:

Primeiro.- Adxudicar o contrato que ten por obxecto o “Curso de formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento” á empresa SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA (SEGANOSA), por un importe de **59.800,00 €**. Esta operación está exenta de IVE.

Oferta, tamén, un instructor a maiores e un instructor principal cunha experiencia de 97 meses no emprego en emerxencias e protección civil.

Segundo.- Comprometer o gasto necesario para dar cobertura a esta adxudicación que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 2260600 (BOMBEIROS. REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS).

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025422L.**

**Adxudicación da Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP).**

Acórdase:

-Proceder ao reaxuste das anualidades do acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de outubro de 2021, subsanadas por acordo do 9 de maio de 2022, constando a conformidade dos adxudicatarios, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

Anualidade 2022: Lote I: 341.854,45 euros/ Lote II: 109.584,09 euros/ Lote III: 106.021,77 euros.

Anualidade 2023: Lote I: 683.708,91 euros/ Lote II: 219.168,18 euros/ Lote III: 212.043,54 euros.

Anualidade 2024: Lote I: 341.854,45 euros/ Lote II: 109.584,08 euros/ Lote III: 106.021,76 euros.

-Segundo: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a *Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP), do seguinte xeito:*

- **Lote I. SERVIPLUS** por un importe total de **1.294.700 €** (Base imponible: 1.070.000 €, IVE do 21%: 224.700 €) sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas para este lote.

- **Lote II. ATLANTIC PONTE** por un importe total de **423.258 €** (Base imponible: 349.800 €, IVE do 21%: 73.458 €) sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas para este lote.

- **Lote III. NORIENTEGRÁ**, por un importe total de **369.424,31 €** (Base imponible: 305.309,35 €, IVE do 21%: 64.114,96 €) sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas para este lote.

- Comprometer o gasto que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 33403 2279900 (CSC. TRABALLOS REALIZ. POR OUTRAS EMPRESAS), reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

- Anualidade 2022: Lote I: 323.675 euros / Lote II: 105.814,50 euros / Lote III: 92.356,08 euros.

- Anualidade 2023: Lote I: 647.350 euros / Lote II: 211.629 euros / Lote III: 184.712,16 euros.  
-Anualidade 2024: Lote I: 323.675 euros / Lote II: 105.814,50 euros / Lote III: 92.356,07 euros.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019093B.**

**Aprobación do expediente Servizo de Novas Tecnoloxías para a rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado *Servizo de Novas Tecnoloxías para a rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela*, e abrir o procedemento negociado sen publicidade mediante tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de:

Orzamento de licitación sen IVE 285.679,15 // IVE 21% 59.992,62

**Orzamento base de licitación 345.671,77 euros.**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 33403 2279900 CSC. TRABALLOS REALIZ. POR OUTRAS EMPRESAS, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 100.820,94 €.

Anualidade 2023: 172.835,88 €.

Anualidade 2024: 72.014,95 €.

**16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024531W.**

**Imposición de penalidade á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada de 9 días hábiles na execución das obras de Urbanización da unidade de actuación nº 11 do Plan Especial de reforma interior Fontiñas – Cotaredo – San Lázaro (Urbanización da zona libre-75).**

Acórdase impoñer unha penalidade á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada de 9 días hábiles na execución das obras de Urbanización da unidade de actuación nº 11 do Plan Especial de reforma interior Fontiñas – Cotaredo – San Lázaro (Urbanización da zona libre-75).

O importe da penalidade que corresponde a esta demora é de 638,64 € e farase efectivo mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago de certificación final, deba aboarse ao contratista.

**17. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00026588P.**

**Aprobación dos membros do xurado do XV edición do Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados 2022.**

Apróbanse os membros do xurado do XV edición do Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados (2022), segundo os criterios de traxectoria profesional no mundo da ilustración, do deseño e da literatura infantil e xuvenil, que son os seguintes:

PRESIDENTE:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela e por delegación, D. Rubén Prol Mariño, Concelleiro-Delegado de Educación.

VOGAIS:

Sonia Martínez López (Piu Martínez)

Marta Alexandra da Cruz Madureira

Federico Delicado Gallego

Xosé Cobas Gómez

Manuela Rodríguez Lorenzo

SECRETARIA DO PREMIO:

Beatriz Varela Morales, Directora do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

**18. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00026087J.**

**Aprobación das listaxes definitivas de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais de Conxo, as Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2022-2023.**

Apróbase a relación definitiva de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais para o curso 2022-2023, na que se inclúen na listaxe de agarda as familias que obtendo praza quedan en listaxe na súa 1ª opción.

**19. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00026547J.**

**Aprobación dos prazos de solicitude, procedemento de admisión e gratuidade do programa municipal de conciliación de verán 2022.**

Acórdase:

1.- Aprobar os prazos de solicitude e o procedemento de admisión do programa municipal de conciliación de verán 2022, que terá lugar nas quendas e centros educativos relacionados, de acordo coas características recollidas no Informe.

- *Abrirase un prazo de solicitude de inscrición entre os días 1 e 8 de xuño de 2022 (ambos os dous inclusive). Se unha vez rematado o prazo quedan prazas libres nalgunha quenda, poderán presentarse solicitudes que se irán adxudicando por orde de entrada no Rexistro.*
- *As solicitudes presentaranse segundo modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *O Departamento de Educación do Concello de Santiago facilitará os correspondentes impresos de solicitude do programa e publicará a lista de admitidos e, no seu caso, excluídos e listas de agarda, na páxina web do concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)*

Hai seis quendas: do 23 de xuño ao 1 de xullo (6 días); do 4 ao 15 de xullo (10 días); do 18 ao 29 de xullo (9 días); do 1 ao 12 de agosto (10 días); do 17 ao 31 de agosto (11 días) e do 1 ao 9 de setembro (aproximadamente 7 días)

O horario será de 9:00 a 14:00 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

Por cada unha das quendas hai 180 prazas para obradoiros e actividades. Para almorzós hai 90 prazas e para xantar outras 90.

2.- Aprobar a gratuidade do programa municipal de conciliación de verán 2022, nos termos que se recollen neste informe e na memoria económica asociada ao expediente do contrato de servizos deste programa.

3.- Este procedemento estará condicionado, en todo caso, polo resultado do proceso de licitación para a prestación do Servizo.

**20. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Acordo de continuidade do servizo de mantemento, conservación, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical.**

Aprobase a continuidade da prestación dos servizos de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos e elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico, nas mesmas condicións do contrato asinado coa entidade ACEINSA MOVILIDAD S.A., o 3 de maio de 2016, durante un prazo de máximo de nove meses; ou ata que o contratista se faga cargo do novo contrato.



## **21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación das normas de seguridade para a celebración das cacharelas da festividade de San Xoán 2022, en espazos públicos e privados.**

Apróbanse as normas de seguridade que rexirán a celebración das cacharelas/sardiñadas na noite de San Xoán 2022, en espazos públicos e privados. Estas normas fanse extensivas á celebración de cacharelas/sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do día 23 ou calquera outro día do mes.

### **NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS / SARDIÑADAS DE SAN XOÁN 2022**

A Concellería de Mobilidade e Seguridade Cidadán do Concello de Santiago de Compostela establece as Normas de Seguridade para solicitar e celebrar as “Cacharelas/Sardiñadas da Noite de San Xoán 2022”. Estas mesmas normas fanse extensivas á celebración de Cacharelas/Sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do 23 ou calquera outro día.

A celebración das Cacharelas/Sardiñadas na vía pública están suxeitas á correspondente autorización do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade Cidadán que será publicado no BOP e na páxina web do Concello xa que, se considera de interese xeral que os veciños que participen nas cacharelas e sardiñadas coñezan os termos da resolución por razóns de protección do medio ambiente e seguridade pública (artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

As que se desenvolvan en terreos de propiedade privada deberán presentar comunicación previa da actividade.

#### **Cacharelas en espazos públicos e privados.-**

➤ As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente, segundo modelo oficial (MO002) publicado na Sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal>), sinalando o nome, enderezo, teléfono, copia do D.N.I. dos responsables da organización ou comunidade, e todos os datos que constan no modelo da solicitude, así como as declaracións responsables que correspondan, debidamente asinadas.

A solicitude debe ir acompañada dun plano de situación do espazo público (no privado non se necesita plano) no que se vai a situar a cacharela/sardiñada; así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.

As solicitudes presentaranse, preferente, a través da sede electrónica, ou no Rexistro Xeral do Concello de Santiago **dende o 1 de xuño ata as 00:00 horas do 16 de xuño de 2022.**

➤ Os particulares que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de **propiedade privada** deberán presentar a comunicación previa debidamente cumprimentada e asinada, segundo solicitude xeral, publicado na sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal>). As solicitudes poderanse presentar na sede electrónica do Concello ou ben a través do banner instalado na páxina web: [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal) dende as **00:00 horas do día 1 de xuño ata as 00:00 horas do día 22 de xuño de 2022.** As persoas asinantes da comunicación previa teñen que ser maiores de idade. Con este trámite é suficiente para poder levar a cabo a actividade, sen prexuízo da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.

➤ Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112).

➤ Se a propiedade está en zona urbana: o volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.

➤ En zona rural: o volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 metros de altura.

➤ A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano.

➤ Porase especial coidado en situar a fogueira alonxada das vivendas, vehículos, e instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; asemade non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.

➤ Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

➤ En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.

➤ No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso públicos enlousados, os organizadores encargaranse, **pola súa conta**, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.

➤ Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.

- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.
  - No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
  - Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.
  - A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
  - Cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
  - No caso das cacharelas/sardiñadas na propiedade privada os interesados deberán comunicalo ao Concello no prazo establecido. No caso das cacharelas/sardiñadas na vía pública a competencia para a súa autorización corresponde ao Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán, por decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellerías delegadas e acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias.
  - **Prohíbese expresamente a celebración de Cacharelas e Sardiñadas de San Xoán nas seguintes prazas: Praza do Obradoiro, Praza da Quintana, Praza do Toural, Praza de Praterías, San Martiño Pinario, Praza de Cervantes, Inmaculada, Praza de Mazarelos, Irmán Gómez, San Miguel e San Agustín.**
  - Nas cacharelas e sardiñadas que se celebran en espazos públicos, Terán prioridade as Asociacións Veciñais e Culturais.
  - O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.
- O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Municipal das infraccións. Lémbrese que o nº de tñno do Servizo de Bombeiros é o 080 (só emerxencias) ou o 981 542 444; e asemade, o número de Emerxencias da Xunta de Galicia é o 112.

## **22. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00026148M.**

### **Designación de representante do Grupo Municipal do PP no Consello Escolar da EEI Bispo Teodomiro.**

Acórdase:

Primeiro. Designar ao concelleiro do Grupo Municipal Popular don Pedro Rey Sanchiz como representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello Escolar da EEI Bispo Teodomiro, en substitución de dona Ana Sabel Iglesias.

Segundo. Dar conta deste acordo á EEI Bispo Teodomiro para o seu coñecemento e aos efectos oportunos

## **23. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00026668L.**

### **Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 20 ao 26 de maio de 2022.

## **URXENCIAS**

### **24. CONVALIDACIÓN DA FACTURA F/2022/1108. Referencia. 2022/00026070L**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga por importe de 898,41 € en concepto de xestión da publicidade e de redes sociais da concellaría de Mocidade, Facebook, Twitter, instagram e TikTok de febreiro de 2022 e con imputación á aplicación orzamentaria 080 33104 2260200 que figura na acta de conformidade da factura, unha vez levantado o reparo proposto por intervención no informe de fiscalización ref. 377/2022 da factura F/2022/1108 por importe de 898,41 € do provedor PIC NIC Ideas Felices SL.

### **25. Validación da omisión da función interventora da factura emitida por Cespa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares , S.A. polo servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol (xaneiro 2022).**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (13.264,17 €), segundo a factura F/2022/442 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de xaneiro de 2022, emitida pola empresa CESPAN COMPANÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.